

Faro *da* Cultura

FARO DA CULTURA reanudará a súa publicación o xoves, 4 de setembro.
Desexámoslles a todos os nosos lectores un moi feliz verán.

Almas espidas

Tecnoloxía contra a privacidade

JOAQUIM VENTURA

Durante a longa Idade Media que viviu Europa –que excedía a convención cronolóxica da chegada da Idade Moderna co Renacemento– non había reparo en amosar a circunstancia persoal. Inclusive as mulleres burgueses porfiaban por vestir coas cores vivas –xa que logo o vermello– que empregaban as prostitutas para sern recoñecidas. Dun xeito semellante, e ata a aparición da sífilis en Europa entre os séculos XV e XVI, os homes presumían das súas doenzas de transmisión sexual –como atopamos nas nosas cantigas medievais– a maneira de proba de heroicas fazañas. Incluso no Entroido veneciano estaba penado insultar aos enmascarados.

Pero a hexemonía burguesa imposta co século XIX reservou para a intimidade (doméstica ou non) os vicios. Malia a ostentación dos pisos primeiros (modelo de virtude), ás agachadas case sempre había unha segunda vida. Non foi casualidade que o escritor catalán Josep Maria de Sagarra titulase *Vida privada* (1932) á crónica que fixo da aristocracia e da alta burguesía de Barcelona no tránsito á II República. Unha privacidade que ía asociada ao pudor imposto pola doutrina católica, combatido polas correntes librepensadoras e ácratas (amor libre, naturismo).

Coa eclosión do turismo de masas –xa que logo nas praias no verán–, a ocultación do corpo comezou a perder predicamento social. Biquinis, topless, tangas ou praias abertamente nudistas provocaron que moitas persoas esquecesen para sempre ou circunstancialmente o medo a amosarse como son. De igual maneira, a relaxación dos costumes desde as revolucións dos 60 e os avances farmacolóxicos en materia anticonceptiva levaron a un maior nivel de diversión erótica.

A aparición das novas tecnoloxías –moi especialmente as que empregan as imaxes– levou a un novo nivel: a liquidación case total da intimidade. Nos chats moitas persoas fan confidencias –que non saben nin os seus– a descoñecidos ou en redu-

tos máis íntimos das redes sociais o exhibicionismo ou o sexo cibernético son practicados sen o máis mínimo recato, nin sequera o que ás veces aconsellaría o máis elemental sentido común.

Pero estas experiencias –que poderíamos considerar efémeras, malia que non sempre o sexan– quedan superadas por esoutro exhibicionismo do Facebook, formado por millóns de perfís modificados día a día con fotos e expresións de todo tipo, algunhas das cales xa comezaron a pasar factura no mundo laboral.

Moitas fotos están feitas para unha inmediata exhibición


Hoxe, moitas fotos son feitas non para a lembranza senón para a súa inmediata exhibición nas redes sociais, no que algúns xa alcumaron de extimidade: desde o prato exótico que estamos a piques de cear nas vacacións á foto poscoital coa parella que acabamos

de coñecer nunha praia ou nun pub. Inclusive, aquel acto antes desexado polos escritores como era a sinatura de libros –recompensa para a vaidade e mais para o peto–, hoxe é unha tortura: a lectores e lectoras non lles abonda a dedicatoria senón que agora queren unha *selfie*, foto en compañía do persoeiro famoso. Non pedimos un prato para satisfacer o gusto ou visitamos unha catedral para adquirir cultura senón para que os nosos amigos virtuais o saiban inmediatamente.

Pero as tecnoloxías tamén dinamitaron outra dimensión da persoa. Se o individualismo foi o eixo reitor da cultura burguesa, a psicanálise evidenciou que tras esa imaxe posta á vista de todos, o eu, había un envés: o subconsciente. Unha dimensión oculta, as máis das veces descoñecida polo interesado, pero que con frecuencia domina o noso proceder cotiá. E dun xeito semellante, os avances no campo da xenética permiten coñecer que, tal vez, a orixe dalgúns individuos non sexa a que algúns familiares e el mesmo pensaban. Outra cousa é que queiramos saber se padecemos un trauma infantil ou se o pai do noso pai non era aquel señor a quen chamabamos avó



Millóns de perfís nos muros de Facebook.



Selfie: a virtualidade do subconsciente.

O turismo de masas desbotou a ocultación do corpo humano

ARTE: COMPAÑEIRO DE OFICIO NA BARRIE / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESCRITOR ALFREDO CONDE / PÁX. V

MÚSICA: CON ÓSCAR IBÁÑEZ & TRIBO / PÁX. VIII